

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA SLU, PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

REÚNENSE

Don....., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don, con NIF número en representación da sociedade Corporación Voz de Galicia SLU, con CIF....., e enderezo en....., actuando en nome e representación desta, en virtude de escritura de apoderamento outorgada ante o notario da Coruña, don, o día 26 de xullo de 2011, baixo o número do seu protocolo.

EXPOÑEN

Un.- Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Dous.- Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de

titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da comunidade autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Tres.- Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais, establecendo entre as súas actuacións, a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para o seu reforzamento no ámbito socioeconómico.

Catro.- Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que, para incrementar o uso do galego na sociedade, promove Corporación Voz de Galicia SLU, empresa galega cabeceira dun grupo de comunicación multimedia e comprometida co proceso de normalizar o idioma galego. Esta empresa colabora habitualmente coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para estender o uso da lingua galega, principalmente a través do xornal *La Voz de Galicia*, que, ademais das actividades a que se refire este convenio, promoverá a utilización da lingua galega na publicidade do medio. Así mesmo, desexa complementar esta colaboración para a extensión do uso da lingua galega a través da emisora de radio Radio Voz.

Cinco.- Que La Voz de Galicia, segundo os datos da Oficina de Justificación para Difusión en España (OJD) encargada do control da tirada e difusión de varios tipos de diarios e revistas impresos en España, é o principal xornal e o de maior difusión de Galicia e no contexto da prensa española de información xeral é un dos diarios de maior difusión no ámbito nacional. A EXM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, no ano 2016 estimou que tiña uns 572.000 lectores diarios. Pola súa banda, *Radio Voz* é una cadea de radio autonómica constituída por vinte emisoras e centrada na información local e autonómica.

Seis.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é a titular das competencias definidas en materia

de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua galega e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, ten en conta a gran repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación como instrumentos moi eficaces para potenciar o uso do galego entre a cidadanía.

Sete.- Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita e radio cos que asinará convenios de colaboración segundo os criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006, relativo á subscrición de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación, referidos ao emprego da lingua galega nos devanditos medios.

Oito.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa, co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia, e así mesmo a través da radio.

Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2017 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Corporación Voz de Galicia SLU, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego a través das diferentes edicións que *La Voz de Galicia* ten na

Comunidade Autónoma de Galicia, así coma a través da cadea de radio *Radio Voz*, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

Segunda.- Obrigas de Corporación Voz de Galicia SLU

A Corporación Voz de Galicia SLU, comprométese a realizar as seguintes actuacións, ben directamente ou ben a través das sociedades do seu grupo La Voz de Galicia SA, e Voz de Galicia Radio SLU:

- Cobertura informativa sobre líñas de actuación, programas e proxectos incluídos no ámbito competencial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante actuacións periodísticas de divulgación elaboradas polo medio de comunicación que pola súa repercusión social sexa de interese para o seu coñecemento xeral pola sociedade, nomeadamente difusión das actividades da rede de dinamización lingüística e dos plans elaborados ou en fase de elaboración para a dinamización da lingua galega no tecido económico, social, mocidade, TICs.....
- Manter ou reforzar unha páxina web en lingua galega vinculada ao medio impreso que publica. Será actualizada diariamente.
- Ofrecer permanentemente a web *do xornal* integramente en galego, con actualizacións as 24 horas.
- Transcribir literalmente no xornal as entrevistas e declaracións feitas en galego.
- Promover que os usuarios das edicións en galego poidan subir ás redes sociais noticias en galego.
- Ampliaranse, en relación co ano anterior os contidos no xornal o 17 de maio Día das Letras Galegas e o 25 de xullo Día de Galicia, mediante a elaboración e publicación en lingua galega de reportaxes, entrevistas ou informes de especial importancia para a lingua e a cultura galegas en suplementos especiais ou edicións locais do xornal, relacionados con temas informativos referidos a estas datas de especial relevancia para Galicia que, pola súa repercusión social, sexan de interese para o coñecemento xeral da sociedade galega.

As actuacións publicaranse de modo regular, e prioritariamente, en domingo ao longo da vixencia deste convenio.

Terceira.- Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Cuarta.- Obrigas da consellería

A consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio e os datos relevantes que se soliciten para a elaboración dos materiais que se vaian publicar.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **douscentos noventa e nove mil sesenta e catro euros (299.064,00 €)** que será sufragado coa achega das dúas partes:

- En razón das achegas realizadas polo medio de comunicación para o logro da finalidade común, e como compensación polos gastos soportados no desenvolvemento das actividades, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización desta acción cunha achega máxima de **cento corenta e oito mil oitocentos cincuenta euros (148.850,00 €)**, cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes, con cargo á partida 10.30.151A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2017.

- Corporación Voz de Galicia SLU, achegará a cantidade restante **cento cincuenta mil doucentos catorce euros (150.214,00 €)**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados

A sinatura deste convenio implica o consentimento para a utilización do material achegado por ambas as dúas partes como soporte documental básico do produto final de difusión realizado.

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Sétima.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A Corporación Voz de Galicia, S.L.U. percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos iguais, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **74.425,00 €**, cando se leve executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de **74.425,00 €**, ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento Corporación Voz de Galicia, S.L.U. presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación (dúas copias) detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Exemplares dos contidos editados e publicados polo medio de comunicación.

Para percibir o segundo pagamento Corporación Voz de Galicia, S.L.U. presentará electronicamente, coa data límite do 30 de setembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación (dúas copias) detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades prevista neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Exemplares dos contidos editados e publicados polo medio de comunicación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da consellería diminuírase proporcionalmente.

O medio de comunicación procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Corporación Voz de Galicia SLU, facilitará toda a información que lle requira a consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para os seus pagamentos Corporación Voz de Galicia, S.L.U. deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo coas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes de Corporación Voz de Galicia, S.L.U. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por triplicado, no lugar e data mencionados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Por Corporación Voz de Galicia SLU